

ai

Exemplar gratuito

La Ópera de los tres centavos

COQUE MALLA REINTERPRETA A BRECHT EN NARÓN



Tarde Piache

Organizar un festival de cine desde un concello pequeno cando aínda levas uns meses de vida é un triplo salto mortal que non está á altura de calquera. Xente afouta, a asociación cultural Tarde Piache desenvolve a partir do 14 de febreiro o I Festival de Cinema de Cabanas.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Kiko Delgado

Aí. Cando e como nace a asociación Tarde Piache?

TP. O verán pasado un pequeno grupo de pais con nenos buscábamos actividades de tipo cultural sen ter que levalos a espazos urbanos en Ferrol ou Coruña. Falamos de organizar algo aquí en Cabanas e pensamos nun local no apeadoiro do tren onde ás veces se fan actividades. Desde o Concello nos falaron dun espazo estupendo que está infrautilizado como é a Escola Laica. De ver as súas enormes posibilidades comezaron a xurdir ideas para facer unha programación, sobre todo vinculada ao tema do cine e o audiovisual. O único problema é o espazo de aparcamento, que non é grande.

Aí. Entón ese “agochado” local da Escola Laica deuvos a idea de por onde tirar.

TP. Si, porque hai unha zona do teatro con escenario, onde ensaia unha compañía local, Licor Café Teatro e pouco máis, é óptima cunha pantalla excelente para ver cine, unas 70 butacas, calefacción, etc. A partir de aí vimos que se podían proxectar películas

antigas libres de licenza, documentais e traballos de xente local. Así comezamos, con moi pouca aceptación nun principio e pouco a pouco a xente vaise animando tanto entre veciños como visitantes.

Aí. Cantos participades na asociación Tarde Piache?

TP. A día de hoxe somos unhas dez persoas, pero estamos abertos a quen queira colaborar.

Aí. E aparte de cine, facedes outras actividades?

TP. Si, organizamos en Nadal varios obradoiros, para nenos e maiores, e presentacións de documentais, libros, etc.

Aí. Nunha época de Netflix e plataformas varias, que ofrecen a comodidade de ver cinema nos fogares, vós apostades por facer proxeccións nunha sala pública.

TP. Porque ten moitas vantaxes. Ver o cinema en pantalla grande é todo un espectáculo. Logo, podes socializar, a entrada é libre, remata a película e podes comentala, algo que soemos facer, e hai filmes que non están en plataformas, clásicos ou documentais, que non

se encontran facilmente.

Cando puxemos o clásico mudo “O gabinete do doutor Caligari” houbo xente doutros concellos que veu velo en pantalla grande, por gusto. Son cousas que non chas dan as plataformas.

Aí. Nesta dinámica vos animades a dar o salto co festival?

TP. Si, a ver que aceptación ten. Pensando en nenos e maiores e con temáticas atractivas como o fantástico, o terror, ciencia ficción, etc. Será desde o 14 de febreiro ata o 29 de marzo. Haberá sesión pola tarde e pola noite para maiores. Consequimos unha licenza de exhibición que nos permite proxectar filmes máis actuais. A programación e todo tipo de detalles sobre a nosa asociación poden consultarse nas nosas redes sociais, Instagram e Facebook.

Aí. Paralelamente, e dentro do festival, organizades un concurso de curtametraxes.

TP. Iso é, o “Fervenza”. Está enfocado a rapaces de ata 12 anos, outro para adolescentes de 12 a 17 anos, e un terceiro para adultos. Máis que



“PROXECTAR CINE NO RURAL TEN VANTAGES QUE AS PLATAFORMAS NON OFRECEN”

man aos participantes, todo un luxo.

AÍ. Contades con axudas para levar a cabo todo isto?

TP. Moi poucas polo pouco tempo que estamos funcionando, aínda que a ideas é a de ser todo o libres que poidamos. O Concello está axudando e os veciños van colaborando aínda que moitos nin saben ben da nosa existencia! Axuda o contar con xente na directiva que traballa no sector audiovisual e temos aparatos de produción que son útiles para levantar estes proxectos e outras ideas que van xurdindo.

AÍ. A maiores de todo o relacionado co festival e o concurso, a propia existencia activa da asociación en si é o voso proxecto de futuro, non?

TP. Claro, dar a coñecer aos veciños estas actividades, que se unan e socializar nun concello pequeno como o noso onde a loita pola cultura e ir ampliando o número e tipo de actividades sería moi importante. Pero primeiro confíemos en que salga ben o máis inmediato que é o Festival de Cine.

competir é unha solución para que os pequenos e maiores xoguen e se fagan actividades. No caso dos maiores, o 14 de febreiro comeza e terán 48 horas para facer unha curta en Cabanas e na súa zona, todo moi dinámico.

AÍ. E que recepción estades a ter ata o momento?

TP. Moi boa, xa hai certa

expectación e xente apuntada. Hai que dicir que no caso dos maiores a actividade conta coa inestimable colaboración de dous nomes de referencia do audiovisual galego como son o director Xaime Miranda e o produtor e guionista de “Rapa”, e tantas outros traballos, como é Pepe Coira. Os dous darán ideas, consellos e botarán unha

07 sábado

20.00 H

SÉS

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

14 €



SÉS, UNHA DAS VOCES MÁIS SINGULARES E RECONECIBLES DA MÚSICA GALEGA CONTEMPORÁNEA, PRESENTA O SEU RECENTE TRABALLO DISCOGRÁFICO: NADANDO NA INCERTEZA.

O novo disco de Sés (en realidade un libro-disco) é, tanto no seu formato físico como na presentación do seu espectáculo ao vivo, un traballo esencial e sen artificios, no que a canción ocupa o centro absoluto. Voces con peso, arranxos mínimos e unha produción depurada que reivindica a honestidade artística e a forza da melodía. O álbum está composto por trece cancións orixinais cunha sonoridade intencionadamente sinxela, que une a canción de autora latinoamericana co folk e a cultura popular galega.

Nadando na incerteza é un exercicio de madurez creativa no que Sés asume a composición, produción, gravación e supervisión de todo o proceso, reafirmando a súa independencia e coherencia artística. Na presentación do traballo, Sés declarou ao diario Nós que o disco responde a unha “necesidade, como consumidora de fuxir da saturación da sobreprodución dada na música actual”.

05 xoves

21.00 H

IGOR PASKUAL

Música

SALA URANIA (FERROL)



GUITARRISTA DE LOQUILLO DESDE HAI 25 ANOS, CREADOR DE BANDAS COMO BABYLON CHAT, ESCRITOR E HISTORIADOR DA ARTE, PRESENTA UN SHOW PERSOAL.

Como facer unha canción de rock español e non morrer no intento? é un espectáculo no que o músico asturiano combina música en vivo, humor acedo e anécdotas da escena musical española. Abre en Ferrol a xira galega deste espectáculo a medio camiño entre o concerto e o monólogo erudito.

08 domingo

13.00 H

A PEDREIRA + MAURICIO CARUSO

Música

CENTRO SOCIAL ARTÁBRIA (FERROL)

TAQUILLA INVERSA

O ENTENDEMENTO DE UGIA PEDREIRA E O GUITARRISTA PAULISTA MAURICIO CARUSO É EVIDENTE, EXPLOSIVO E CONMOVEDOR.

Ugia leva anos acompañada do guitarrista Mauricio Caruso. Esta conxunción galego-brasileira fai medrar as autorías de Pedreira e xogar máis coa lingua e cos ritmos populares de ambas terras irmás. Interpretarán temas antigos de Ugia e “máis cousas” con guitarra eléctrica, pandeireta e pandeiro.

13 venres 20.30 H

DIVA

Ópera

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



O DRAMATURGO ALBERT BOADELLA OFRECE UN RETRATO CONMOVEDOR DE MARÍA CALLAS NOS SEUS ÚLTIMOS ANOS EN PARÍS.

María Rey-Joly e Antonio Comas encarnan Diva, unha produción na que melodrama e toques esperpénticos conviven para amosar a loita interna da «Divina». A obra retrata a súa vulnerabilidade nos últimos anos, atrapada entre a memoria da súa grandeza e a sombra dunha voz que un día deixou unha marca indeleble na historia da ópera.

21 sábado 20.00 H

XISCO SINFÓNICO

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

14 €



NOVA PROPOSTA DE XISCO FEIJÓO PARA LEVAR A TRADICIÓN A UN TERRITORIO SEN FRONTEIRAS, NUNHA VIAXE SONORA ONDE A MÚSICA DE RAÍZ GALEGA SE ATÓPA CO UNIVERSO SINFÓNICO.

Xisco Feijóo presenta Xisco Sinfónico, un proxecto no que a música de tradición galega dialoga cun formato sinfónico, dando un novo paso na súa traxectoria como referente na difusión do patrimonio musical. A proposta articula o encontro entre a terra —voz, gaita, acordeón e percusión tradicionais— e a orquestra de cordas, non como elemento decorativo senón como diálogo estrutural. Así, a voz de Feijóo sostén un repertorio que combina composicións inéditas con adaptacións de temas de Peixe, coa orquestración de Juan Eiras, configurando unha ponte entre tradición e presente.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 **FERROL** - A Coruña
Tels.: **981 074 644 - 698 179 453**
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

PROGRAMACIÓN
2026



FEBREIRO

D 01 18.00 HORAS

INFANTIL
OS MONICREQUES DE KUKAS

O CARTEIRO DE XIMARAOS

S 07 20.00 HORAS

MÚSICA FOLK
CONCERTO

SÉS: NADANDO NA INCERTEZA

D 08 20.00 HORAS

CAFÉ-TEATRO

INFANTIL
ESCENA MIRIÑAQUE

TÁ

S 21 20.00 HORAS

MÚSICA FOLK
XISCO FEIJÓO

XISCO SINFÓNICO

D 22 18.00 HORAS

INFANTIL
GALITON

BABILIGLUB

V 27 20.30 HORAS

S 28 20.00 HORAS

TEATRO MUSICAL
BARCO PIRATA, UNAHORAMENOS,
TEATRO PÉREZ GALDÓS

LA ÓPERA DE LOS TRES CENTAVOS



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón

21 sábado

20.30 H

INMADUROS

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

10 €



CARLOS SOBERA E ÁNGEL PARDO PROTAGONIZAN UNHA COMEDIA QUE MESTURA HUMOR E REFLEXIÓN SOBRE AS CRISES DA IDADE

Inmaduros, dirixida por Juan Luis Iborra, mestura humor e reflexión sobre a madurez e as relacións, levando ao escenario absurdas situacións inesperadas entre dous amigos opostos. Carlos Sobera e Ángel Pardo encarnan a Alfí e Fideo, mentres Elisa Matilla, Lara Dibildos, Silvia Vacas e Arianna Aragón completan o reparto.

22 domingo

18.00 H

BABILIGLUB

Infantil

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50/5,50 €

GALITON ESCENIFICA ESTA DIVERTIDA OBRA DE MONICREQUES SOBRE TOLERANCIA.

Galitón presenta un espectáculo de marionetas para nenos de 1 a 6 anos, onde un peixe que só sabe dicir miau revoluciona o fondo do mar. Este feito provoca unha resposta airada do resto da fauna mariña –un trío de peixes, un peixe multicolor e un polbo– que só saben dicir No! A obra é un alegato pola tolerancia e a aceptación da diferenza.

27/28 venr./sáb.

20.30/20.00 H

LA ÓPERA DE LOS TRES CTS.

Teatro Musical

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

24 €



Foto: Ángel Medina

COQUE MALLA ENCARNA AO EMBLEMÁTICO GÁNSTER E PROXENETA MACKIE NAVAJA EN LA ÓPERA DE LOS TRES CENTAVOS, DIRIXIDA POR MARIO VEGA.

Esta obra mergúllanos nun Londres de entreguerras, onde miseria e a corrupción conviven co luxo e o vicio, e onde todos xogan sucio para sobrevivir. Coque Malla métese na pel de Mackie Navaja, un carismático proxeneta e delincuente que controla as rúas con puño de ferro, acompañado por un elenco de sete actores. Articulada nun prólogo e tres actos, con música de Kurt Weill e libreto de Bertolt Brecht en colaboración con Elisabeth Hauptmann, a obra estreouse a finais dos anos 20, nunha época convulsa, e formulou unha feroz crítica ao capitalismo. Esta versión recupera a forza e o cinismo do orixinal, cunha posta en escena grotesca, personaxes cínicos e cancións que desarmen calquera sentimentalismo. Entre traizóns, sarcasmo e sátira, a obra presenta personaxes irreverentes e cancións que subliñan a brutalidade e a ironía do texto. A posta en escena usa o humor negro para enfatizar a desesperanza dun mundo despiadado, onde o enxeño é ás veces a única arma da supervivencia.

ESTREA DESTACADA: 6 DE FEBREIRO



HAMNET

Hasan Hadi

O punto de partida da historia é sorprendente: un pastel de aniversario convértese nunha cuestión de vida ou morte.

Remóntase aos meus recordos de infancia en Iraq, baixo o réxime de Sadam Huseín. Todos os anos, o noso profesor entraba en clase cun cunco e pedíanos que puxésemos os nosos nomes nel. Despois botábao a sortes e o alumno elixido tiña que preparar a torta de aniversario do presidente. Logo se elixía a outros alumnos para que se ocupasen da froita, a decoración, os produtos de limpeza... Un ano, elixíronme a min para levar as flores. Creo que aínda conservo unha foto miña co ramo na man e recordo o alivio da miña familia: só tiña que atopar as flores.

O filme, ambientado nos anos 90, rodouse en Iraq. Requiriu moito traballo de reconstrución e produción?

É o primeiro filme iraquí rodado en Iraq que aborda ese período histórico. Así que era esencial recrear os anos 90 de maneira auténtica e crible. Rodamos en escenarios reais, sobre todo nas marismas de

Mesopotamia, consideradas o berce da civilización e da epopea de Gilgamesh. A xente alí vive como hai miles de anos. Os lugares onde se rodou teñen un papel fundamental. Durante a procura de localizacións, ás veces chegaba a un sitio e sentía que o lugar ecoaba con moita forza; esa mesma noite, escribía novas escenas inspiradas nese lugar. Alédame que o filme puidese documentar certos lugares, xa que Iraq ten moi poucos vestixios visuais da súa historia.

O filme tamén retrata con honestidade e franqueza o comportamento sombrío dunha poboación vítima da guerra e a ditadura.

Así é. Para min era importante manter a obxectividade. Simplemente tento mostrar o que vivimos coa maior sinceridade e delicadeza posibles. Teño as miñas propias opinións, pero gárdomas para min. Nunca trato de impoñelos nos meus filmes.

Como atopou a eses marabillosos actores e actrices non profesionais?

Pasamos meses buscando a dous nenos capaces de levar o filme sobre os seus ombreiros. Cando o meu director de

fotografía foi a Iraq por primeira vez, buscamos localizacións e aproveitou para descubrir o país. Atopamos un café e empezou a facer fotos e, de súpeto, Sajad (que interpreta a Saeed) apareceu no seu campo de visión. Parecía canso, esgotado, pero curioso, e mirábanos de esguello. Pregunteille se quería saír nun filme; non me entendeu, o cal é ideal cando buscas nenos: os mellores actores novos adoitan ser os que non queren selo. Pedínlle o número de teléfono do seu pai. Miroume e díxome que o seu pai morrera. Vin a dor nos seus ollos. Non tiña ningún número que dar-me e nin sequera sabía o da súa nai. Así que lle demos un papel co noso número de teléfono e pedímoslle que nos chamara. Pasaron varios días e non recibimos nin unha soa chamada. Desaparecera. Continuamos a facer probas, pero eu seguía sen atopar ao mozo que quería. Aínda tiña a Sajad en mente. Finalmente, enviamos a alguén a buscalo cun vídeo que eu tiña gravado do mozo, para que soubese como era. Despois de percorrer varios barrios, por fin o atopamos.

Dossier de prensa Atalante (extracto)

06 FEBREIRO

LA TARTA DEL PRESIDENTE Hasan Hadi



2025 | IRAK | 102' | IRAQUÍ | +12

Iraq, anos noventa. A pequena Lamia recibe a misión de preparar unha torta con motivo do aniversario do presidente Sadam Husein. Xunta o seu amigo Saeed e co seu galo Hindi ao lombo, percorre Bagdad en busca dos ingredientes, vivindo unha serie de peripecias que alterarán por completo a súa vida cotiá.

Cannes 2025 (Quincena de Cineastas: Cámara de Ouro e Premio do Público)

“Un debut excepcional, rebosante de vida” *The Hollywood Reporter*

TRES ADIOSES Isabel Coixet

2025 | ITALIA | 122' | ITALIANO



Marta perde o apetito ao separarse de Antonio, un prometedor chef. Axiña descobre que non só é desamor, senon un problema de saúde. De súpeto, todo dá un xiro inesperado: espertan as súas ganas de vivir sen medo. Unha historia sobre o amor, a vida e eses momentos que o cambian todo para sempre.

SEMINCI 2025 (sección oficial)

“Alba Rohrwacher deslumbra no drama humano e sincero de Isabel Coixet.” *Variety*

13 FEBREIRO

NO HAY OTRA OPCIÓN Park Chan-Wook

2025 | COREA | 139' | COREANO



Un feliz home de familia é despedido tras vinte e cinco anos de leal servizo nunha empresa papeleira. De seguida atopa a solución perfecta ao paro: eliminar realmente á competencia.

Venecia 2025 (Sección Oficial)

“Unha sátira do capitalismo brillante, sanguenta e dun humor tan escuro como demoledor” *IndieWire*

20 FEBREIRO

EL AGENTE SECRETO Kleber Mendonça Filho

2025 | BRASIL | 158' | PORTUGUÉS | +16



En 1977, durante a ditadura militar brasileira, Marcelo, un profesor que foxe dun pasado turbulento, regresa a Recife, para construír unha nova vida co seu fillo. Porén, de seguida se decata de que a cidade non é o refuxio que busca, as forzas gobernamentais perségueno e está ameazado de morte.

Cannes 2025 (Mellor Dirección, Actor e Premio FIPRESCI)

“Magnífico Wagner Moura. Mendonça Filho ofrécenos imaxes icónicas” *Variety*

DUPLEX PRESENTA

DOMINGO 22 ás 17:30 pase especial coa presenza da directora



AS LIÑAS DESCONTÍNUAS Anxos Fazéns

2025 | ESPAÑA | 90' | GALEGO

Bea é unha muller de 50 anos que está a atravesar un divorcio e Denis é un mozo trans de 25. Coñécense cando el entra a roubar na casa dela e pese ao improbable da circunstancia, pasan unha fin de semana xuntos. Cando retoman as súas vidas, xa non son os mesmos.

Xixón 2025 (Premio DAMA a Mellor Filme Español)

“Unha fermosa e pouco convencional historia de amor.” *Otros cines*

27 FEBREIRO

SORRY, BABY Eva Victor

2025 | EUA | 103' | INGLÉS



Algo malo lle pasou a Agnes. Pero a vida continúa... cando menos para todos ao seu redor. Cando a visita unha querida amiga en vésperas dun momento importante, Agnes empeza a decatarse do estancada que estivo e comeza a traballar en como seguir adiante.

SEMINCI 2025 (Mellor actriz)

“Oscuramente divertido e enormemente tenro, é un gran debut” *IndieWire*

ORWELL 2+2=5

Raoul Peck

2025 | FRANCIA | 119' | INGLÉS | +16



As novelas, 1984 e Rebelión na granxa converteron a George Orwell nun dos autores máis visionarios do século XX. O aclamado Raoul Peck crea non só un retrato do escritor, senón tamén unha nova perspectiva sobre o profética que é a súa obra.

Cannes 2025 (Première)

“Enxeñoso exercicio de equilibrio entre a vida de Orwell, a historia, a arte e os acontecementos máis actuais.” *The Wrap*

DREAMS

Michel Franco

2025 | MÉXICO | 100' | INGLÉS | +16

Fernando (Isaac Hernández),



un mozo bailarín de ballet mexicano, soña co recoñecemento internacional e unha vida nos Estados Unidos. Crendo que o apoiará a súa amante Jennifer (Jessica Chastain), unha filántropa da alta sociedade, déixao todo atrás. Porén, ela fará o que sexa para protexer o futuro de ambos e a vida que construíu.

Berlín (Sección Oficial)

“Impactante crítica dunha desigual dinámica de poder. Chastain aborda un papel que poucas estrelas terían o valor de tocar” *Variety*

Tempada de Ópera & Ballet

LUNS 9 ÁS 20:15

WOOLF WORKS

Wayne McGregor

ROYAL OPERA & BALLET

2026 | REINO UNIDO | 210' | BALLET

Creado en 2015 para The Royal Ballet, este tríptico galardoadado cun premio Olivier captura a esencia do espírito artístico único de Virginia Woolf.

A partir das novelas *Mrs Dalloway*, *Orlando*, *The Waves* e outros escritos da autora, Wayne McGregor lidera a un brillante equipo que evoca o estilo de Woolf rompendo coas estruturas narrativas tradicionais.



Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA CADA DOMINGO ÁS 12:00 HORAS

Entradas gratuíta até completar aforo. Colabora o Concello de Ferrol

DOMINGO 1 E 15

EL PRINCIPITO

Mark Osborne

FRANCIA | 106' | ESPAÑOL | TP



Esta adaptación do texto de Saint-Exupéry, combina animación 3D e stop-motion para narrar a historia dun piloto que se perde no medio do Sahara tras sufrir unha avaría co seu avión. Alí coñece a un pequeno príncipe que vén doutro planeta e que lle conta anécdotas da vida e do modo que teñen os adultos de vela.

César 2016 (mellor filme de animación)

“Puro espectáculo e poesía visuais” *El Periódico*

DOMINGO 8 E 22

LOS MISTERIOSOS CUENTOS DEL MANZANO

David Súpik, Patrik Pašš, Leon Vidmar e Jean-Claude Rozec

REPÚBLICA CHECA | 71' | ESPAÑOL | TP E ESPECIALMENTE RECOMENDADA + 5 AÑOS



Tom, Susan e Derek van visitar ao seu avó. Susan, imitando á súa avoa, crea contos encantadores sobre un gato misterioso, un monstro non tan espantoso e un home voador atrevido. Xuntos descubren que as historias poden curar e achegarnos ás persoas que máis amamos.

Berlínale 2025 (Generation K Plus)


DUPLEX presenta

DOM 8 ÁS 17:45

O CAMIÑO DE COVA EIRÓS

Xose González Varela

2025 | ESPAÑA | 52' | GALEGO



En 2012, un grupo de arqueólogos descobre as primeiras pinturas rupestres de Galicia no interior da Cova de Eirós, nos Ancares lucenses. Este documental retrata o seu labor ao longo de varios anos, achegándose ao traballo arqueolóxico dunha forma íntima e minuciosa como nunca antes se mostrara.

O PASE CONTARÁ CON PRESENTACIÓN E COLOQUIO DO DIRECTOR XOSE GONZÁLEZ VARELA.

OFF DUPLEX


O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO

MAR 10 ÁS 20:00

MADRID EXT.

Juan Cavestany

2025 | ESPAÑA | 93' | ESPAÑOL



Ensaio filmico acerca da cidade e o paso do tempo, das súas transformacións e as súas contradicións. É unha homenaxe a Madrid onde se cruza comercio e fauna, arquitectura e señoras, mercerías e poetas, construtores e destrutores da cidade. “Documental que camiña entre a nostalgia e a ironía” El Periódico

MAR 24 ÁS 19:45

360 CURVAS

Alejandro Gándara,

Ariadna Silva Fernández

2025 | ESPAÑA | 81' | GALEGO



360 curvas marcan a distancia que separa A Fonsagrada de Lugo. Este camiño longo, difícil e descendente entre montañas reflicte o declive dun lugar que, a comezos dos anos 90, decidiu loitar pola súa supervivencia.

Xixón 2025 (Esbilla)

PRESENTACIÓN E COLOQUIO COA PRESENZA DO DIRECTOR ALEJANDRO GÁNDARA E O PRODUTOR XACIO BAÑO

DUPLEX Cinema

De LUNS a DOMINGO De 17:00 a 22:00
Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións en VOSE, agás que se sinala o contrario.





Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol

info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

Facemos parte de:





NOVELA

NAILÍA

LOLI RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ | GALAXIA | 188 PÁX. | **21,70€**

NOVELA GAÑADORA DO PREMIO TORRENTE BALLESTER NA EDICIÓN DE 2024 EN GALEGO, “NAILÍA” É A SEGUNDA OBRA DA ESCRITORA LUCENSE LOLI RODRÍGUEZ, UN RELATO REALISTA DA MULLER QUE DÁ TÍTULO AO LIBRO E A SAGA FAMILIAR QUE DELA PARTE E MEDRA.

A narración vertébrase ao redor da existencia de Lía, unha muller que nace nunha contorna rural a mediados do século XX e a vida dura que lle toca vivir, cun matrimonio desgraciado, a experiencia da emigración e catro fillos que manter e criar. Estes e as súas circunstancias irán tomando o relevo da historia e vemos como van medrando e os problemas aos que se enfrontan tendo sempre como trabe familiar á afouta Lía, ou “Nailía”, coidadora de fillos e fillas, netos e bisnetos e referente para os seus descendentes. Na obra amósase tanto un modelo de muller recoñecible no noso rural, polo seu esforzo e sacrificio vital, como o moito que cambiou en apenas unhas poucas décadas a sociedade galega, desde a aldea e os problemas de supervivencia ata historias actuais que inclúen temática LGTB e outras máis propias dunha sociedade moderna. Unha novela de reflexións vitais e sentimentos a flor de pel, que nuns casos atopa a insatisfacción, con esforzos e renuncias, e noutros un premio final onde os personaxes van reconciliándose coa súa verdadeira natureza.

NOVELA

LAS MUERTAS

JORGE IBARGÜENGOITIA | CÁTEDRA | 272 PÁX. | **17,50€**

Publicada orixinalmente en 1977, “Las muertas” é unha das mellores novelas mexicanas do século XX e o seu autor, Jorge Ibargüengoitia, un mestre do xénero canda Juan Rulfo ou Carlos Fuentes. A historia real dos crimes cometidos nun prostíbulo inzado de personaxes peculiares serve ao seu autor para trazar con humor unha feira narrativa onde amosa a técnica periodística dun creador superdotado. Reeditada agora en edición de Antonio Sánchez Jiménez, o lector curioso pode completar a lectura coa visión da estupenda serie homónima en Netflix.

ENSAIO

PODEN PENSAR AS MÁQUINAS?


SENÉN BARRO | ALVARELLOS EDITORA | 142 PÁX. | **17€**

O papel que a Intelixencia Artificial está a ter na nosa sociedade nun tempo tan breve é de tal magnitude que non hai nada mellor que a reflexión intelixente para indagar nas súas claves. A isto dedicouse o físico e antigo reitor da USC, Senén Barro (As Pontes, 1962), que ao redor deste fenómeno faise varias preguntas de xeito retórico: Que é a Intelixencia Artificial e como xurdiu? Son parecidos un cerebro e unha computadora? Alcanzarán as máquinas a superintelixencia? Un ensaio moi ameno sobre o tema que máis condiciona xa o noso presente.

DELICIAS SONORAS

**FAMILIA CAAMAGNO
DISCO COMARCAL**

Coincidindo cos seus 15 anos de carreira, Familia Caamagno publica un traballo que sintetiza as mellores virtudes do quinteto adobadas cunha veteranía que os está a facer máis sabios. Power pop, garaxe e incluso un toque electrónico soul no tema homónimo que titula o disco conforman unha paleta sonora que envolve tanto o seu característico sentido do humor como certo aire social, desde os problemas da vivenda, o traballo explotador ou os “señores” doutros tempos vivindo nestes. Producido por Raúl Pérez e gravado en terras granadinas, o son dos Caamagno resulta clásico e actual, valga o paradoxo, idea de que evolucionan sen esquecer as súas raíces. Tras o hit “Disco comarcal”, veñen temas cun mundo de seu como a lúdica “De paseo en Portugal”, as poderosas e críticas “Bomba de calor” ou “Milagre económico”, os recordos brincadores de “O día da festa” e os retratos humanos de “Xa dei quen dis” ou “Segnor do pasado”. Poucas bandas que acadan a súa dimensión real ao vivo son quen de facer discos tan intensos e arrebatadores como estes Caamagnos no seu momento cenital. E aquí están as probas.

**SANGENJO DEUS EX CHINA**

O debut do trío Sangenjo é unha das mellores noticias musicais do ano. Parodiando a locución latina “Deus ex machina”, o grupo galego recolle en 15 temas con frescura a mellor tradición do punk con música urxente e sen adornos cun aire que remite a bandas dos 80 como Sinistro Total ou Radio Océano. Faino sobre todo por unas letras moi elaboradas e que apuntan á diana na que están desde o capitalismo ata o centralismo madrileño, desde o fachendeo estético ata o negocio dos festivais ou a xentrificación. Nada escapa á zuna e xenreira do seu abrasivo discurso. Gravado nos estudos O Cortello, a produción de Xosé García (Pepe Guns) foi quen de dotar á banda de veteranos músicos dun son cru, perfecto ecosistema sonoro para as citadas letras. Entre os temas do disco é difícil citar os máis inspirados, pero entre eles deben estar o adianto de álbum “Lume en Occidente”, “Revolución”, crítica á falta de coraxe para cambiar as cousas, “A rata”, sobre a inxustiza do sistema, “Mequetrefe”, sobre un paria estético, etc. Un disco este “Deus ex China” que hai que escoitar, por lúcido, divertido e sabiamamente cabreado.

**VVAA AMERICAN
BAROQUE. CHAMBER POP
AND BEYOND 1967-1971**

Entre os discos recompilatorios de pop clásico aparecidos nas últimas semanas recomendamos este publicado polo selo ACE e dirixido polo experto Bob Stanley. Músico (Saint Etienne) e crítico erudito, as compilacións de Stanley, do folk á electrónica, teñen un plus que os distingue. Vémolo neste CD ou dobre vinilo de 24 temas, con abundante información, que como o título indica recolle pezas de artistas norteamericanos do creativo período de finais dos 60 e comezos dos 70. Autores de temas abeirados a un pop barroco influído pola invasión inglesa, con oboes, cordas, clavicordios e xogos de voces para alegría e esforzo de talentosos produtores. Aquí temos desde nomes como The Monkees, The Association, os Stone Poneys de Linda Ronstadt ou Nico, sen os Velvet Underground. Non aparecen os inmensos Left Banke pero si Montage, a seguinte banda de Michael Brown, e incluso o cantante Steve Martin canda outros grupos menos coñecidos ou afastados do éxito comercial pero que tiveron o seu momento de gloria. Este recompilatorio de Bob Stanley os recolle a todos para o noso pasmo e gozo.


FEBREIRO

01domingo

INFANTIL

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

EL PRINCIPITO



CONFERENCIA

12.30 h Colectivo Piruchela. Neda.

POR QUE DECIR NON Á ENERXÍA, POR CAMILO CASAL E JUAN ORUEZABALA

PIRUXOGOS

17.00 h Colectivo Piruchela. Neda.

ENCANTRO INTERXERACIONAL ARREDOR DOS XOGOS DE MESA

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

O CARTEIRO DE XIMARAOS



05xoves

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

MÚSICA

21.00 h Sala Urania. Ferrol.

IGOR PASKUAL

07sábado

OBRADOIRO

10.30 h Colectivo Piruchela. Neda.

CANTO EN COMUNIDADE CON GUADI GALEGO

MÚSICA

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

SÉS: NADANDO NA INCERTEZA



08domingo

INFANTIL

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

LOS MISTERIOSOS CUENTOS DEL MANZANO

INFANTIL

18.00 h Café Teatro. Narón.



PODCAST EN DIRECTO

12.30 h Colectivo Piruchela. Neda.

ENTREVISTA A XIANA LASTRA E MARÍA MANUELA

12xoves

MÚSICA

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

CUCHARADA

CONTANDO CIENCIA

19.30 h Casa da Cultura. Fene.

UNHA VIAXE CON CURVAS QUE NOS PON OS PELOS DE PUNTA, POR MIGUEL BROZOS

13venres

MÚSICA

19.00 h Colectivo Piruchela. Neda.

PIRUSISTER'S DJ

TEATRO E ÓPERA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

DIVA



14sábado

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

RAMBALAYA

MÚSICA

23.30 h Sala La Room. Ferrol.

MEREKUMBÉ + LA VEPE DJ

15domingo

INFANTIL

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

EL PRINCIPITO

19xoves

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA: CONCIERTO DE ARANJUEZ



CONFERENCIA

20.30 h Colectivo Piruchela. Neda.

MÁSCARAS DE ENTROIDO E DO CICLO DO INVERNO, POR XOSÉ MANUEL SEIXOS

20venres

TEATRO

20.30 h Auditorio Municipal. Cedeira

RECONVERSIÓN



INFANTIL

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

NYMERIA



CURTAMETRAXE

20.30 h Colectivo Piruchela. Neda.

ROSA INCANDESCENTE

21 sábado

MÚSICA

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

XISCO SINFÓNICO



TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

INMADUROS



22 domingo

INFANTIL

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

LOS MISTERIOSOS CUENTOS DEL MANZANO



INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

BABILIGLUB

MONÓLOGOS

19.00 h Auditorio. Ferrol.

JAVIER AGUILERA Y CARLOS MENI



25 mércores

CINE

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

ACOSADOS



27 venres

ÓPERA

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

LA ÓPERA DE LOS TRES CENTAVOS

28 sábado

MÚSICA

13.00 h Colectivo Piruchela. Neda.

ZAVALA

ÓPERA

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

LA ÓPERA DE LOS TRES CENTAVOS



MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

QUIQUE GONZÁLEZ



**Nº 212
ANO XIX**

EDITA:

ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

📧 @Aí

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:


C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.

edicións **embora**

NOVO TÍTULO

da colección de Memoria Histórica dos nosos barrios



Memoria Histórica de **Doniños**

—Outros títulos da colección—

